

# Limiar

Rosario Álvarez  
Ernesto González Seoane

**C** *ALEN barbas, falen cartas*, sentencia o portavoz Roleiro, reclamando que se manteñan “usos e costumes” na *Contenda dos labradores de Caldelas* (1671), que narra o enfrontamento entre os moradores deste concello galego cos veciños portugueses da outra beira do Miño. Proclama así a importancia testemuñal dos documentos fronte ao relato oral, por máis que este se pretenda garantía da memoria transmitida de xeración en xeración pola comunidade.

Tamén os coordinadores deste volume colectivo quixemos que falasen os textos para mostrar a práctica de creación e escrita en galego durante a Idade Moderna. É esta unha etapa coñecida polo decaemento no uso do galego nos ámbitos máis formais e no cultivo como lingua escrita, incluída a lingua literaria. Este apagamento leva aparellada unha forte estigmatización social que en certo grao perdura ata hoxe, a pesar do “rexurdimento” iniciado no século XIX e dos progresos normalizadores producidos desde o derradeiro cuartel do século XX. Ademais, coincide no tempo coa evolución seguida polo galego e as outras linguas románicas veciñas, que rompen coa etapa medieval e van configurando as respectivas modalidades modernas, progresivamente afastadas entre si; no occidente peninsular coincide, por esa e outras razóns, co avance da diferenciación entre galego e portugués.

No ámbito da historia da lingua e da literatura, nas últimas décadas producíronse importantes avances no coñecemento desta etapa histórica, grazas á crecente atención prestada por investigadores desde diversas ópticas e a unha procura bastante sistemática en bibliotecas e arquivos. En *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*, do que somos responsables, reunimos este labor colectivo e, xunto a outros recursos, ofrecemos o catálogo de textos coñecidos, así como a súa edición (paleográfica e interpretativa) e reprodución fotográfica. Por fortuna, o repositorio *Gondomar* non está pechado: segue aberto a novas achegas, a novos textos descubertos, a novos testemuños da escrita en galego neste período.

O noso empeño é que falen cartas para seguir alumeando uns séculos que xa non debemos seguir alcumando “escuros”.

Consonte os obxectivos de mostrar a mudanza e avances producidos nas últimas décadas, este volume estrutúrase en tres partes.

Na primeira, “Galicia e o galego na Idade Moderna”, despréganse catro visións panorámicas complementarias sobre o período, desde o punto de vista da historia política e social (Pegerto Saavedra), da sociolingüística (Henrique Monteagudo), da lingüística histórica (Ramón Mariño) e da cultura libraria (Concha Varela).

A segunda, “Edición dixital e corpus lingüísticos”, ten como obxectivo mostrar proxectos de referencia ibéricos e contemporáneos, que combinan a edición e visibilización de textos históricos coa súa explotación como corpus lingüísticos. Nos catro capítulos que a integran preséntanse ferramentas para a edición de textos e compilación de corpus (Maarten Janssen e Gael Vaamonde), así como reflexións de carácter metodolóxico arredor de tres corpus de textos da Idade Moderna: Gondomar (Rosario Álvarez e Ernesto González Seoane), Post Scriptum (Rita Marquilhas) e ESenCAT (Joan Torruella).

Na terceira, “*Bago a bago*. Novos textos, novas interpretacións”, ofrécense diversas contribucións con presentación e análise de textos descoñecidos ou que se daban por perdidos, en concreto unha peza dramática ata o de agora ignorada do Cura de Fruíme (Damián Suárez e Ramón Mariño), unha serie de cincuenta décimas de autor anónimo contra Diego Cernadas (Xosé A. Fernández Salgado), os textos galegos recollidos nos *Ocios poéticos* do Padre Feijoo (Rosario Álvarez) e unha nova copia do *Romance da Urca* (Ramón Mariño e Damián Suárez). Ademais, a sección inclúe cadanseu estudo sobre dous dos círculos que neste dilatado período de seca animaron a produción de textos en galego: o do conde de Gondomar (Xosé Luís Rodríguez Montederramo) e o dos colexios da Compañía de Xesús (Julio González Montañés).

Confiamos en que este volume contribúa a disipar a néboa que aínda envolve este período da historia do galego e permita abrir novos camiños para o estudo e interpretación dunha produción escrita máis abundosa e variada do que inicialmente imaxinabamos.